

CANCELACIÓN

DUN PRÉSTAMO OU CRÉDITO

Cando podo cancelar un préstamo ou crédito?

Podes cancelar o teu préstamo ou crédito cando queiras.
Non importa se tes tarxeta ou non,
podes cancelalo de todos os xeitos.

Que teño que facer para cancelalo?

Para cancelalo non tes que dar explicacións.
Só tes que devolver o diñeiro que che prestaron
e os xuros que se xeraron
mentres teñas o préstamo ou crédito.

Como podo saber canto diñeiro debo pagar?

Pide ao teu banco ou entidade financeira
un documento que se chama **carta de pagamento**.
Neste documento diranche a cantidade exacta
que debes pagar para cancelar o préstamo ou crédito.

E se teño unha tarxeta asociada ao crédito?

Non pasa nada.

Só tes que devolver a tarxeta.

Que outros gastos pode cobrarme o banco ou a entidade financeira?

- Todos os servizos que utilizases até o momento no que canceles o préstamo ou crédito.
- A comisión por reembolsar (pagar) antes de tempo o préstamo ou crédito.
Só se o pon no contrato de financiamento que asinaches.

Por exemplo:

Se acordaches
que devolverás o diñeiro prestado en 24 meses
e o devolves ao cabo de 15 días
de asinar o contrato,
o banco ou a entidade financeira pódete cobrar
unha comisión de reembolso (pagamento) anticipado.

Que pasa se paguei algún servizo por adiantado?

O banco ou a entidade financeira, normalmente, devolverache a parte do diñeiro que pagases e que non usases.

Por exemplo:

Se pagaches por adiantado un seguro por 1 ano e o cancelas aos 6 meses, o banco ou a entidade financeira devolverache o diñeiro que corresponda aos 6 meses que non vaías utilizalo.

Como aviso o banco ou a entidade financeira?

Para informar o banco ou a entidade financeira de que queres cancelar o préstamo ou crédito, podes facelo por correo electrónico, correo postal ou teléfono.